



Comunicado para o pessoal  
docente e investigador sobre  
o inicio do curso 2020/2021

Universida<sub>de</sub>Vigo

# Comunicado para o persoal docente e investigador sobre o inicio do curso 2020/2021

Este vai ser un curso atípico, no cal teremos que estar moi atentos aos cambios na situación da pandemia para combinarmos a importancia do noso labor docente e investigador e a máxima seguridade. Tentaremos conseguir que a nosa sexa unha institución segura. E para iso precisamos do esforzo de todos e todas, ademais de tomar medidas estruturais e organizativas.

Como xa saberedes, froito do consenso, no consello de goberno apostamos pola máxima presenza nas aulas como a mellor maneira de desenvolver o curso. Dentro das normas aprobadas, cada centro tivo a oportunidade de adoptar durante o mes de xullo as súas específicas. Estas aprobounas o propio Consello de Goberno e constitúen o compromiso co noso estudiantado.

Ao inicio do curso, faremoslle probas PCR mediante tests de saliva a todo o PDI (incluído o profesorado contratado de programas e o persoal contratado con cargo ao artigo 83). Asemade, contratamos 200 probas semanais que permitirán inicialmente un rastrexo aleatorio, pero que se poderán usar de xeito selectivo de producirse algún caso positivo (por exemplo, mediante os códigos QR, analizando todo o persoal que compartirá espazo físico nas aulas).

O día 18 de setembro proporemos no consello de goberno aprobar un comité para o seguimento da covid-19. A súa misión será recomendar sobre as accións que se deben tomar. Cando este comité o indique, mediante unha resolución reitoral, cambiarán determinadas actividades docentes a modo totalmente non presencial durante o período de corentena (neste momento fixado en 14 días, pero que probablemente pasará a ser máis breve).

Esta semana está convocada a mesa de negociación do PDI, na cal se negociarán as condicións de traballo. En todo caso, aproveitamos para vos lembrar que as declaracións de vulnerabilidade teñen un trámite legal obrigatorio. Se estades nunha situación de saúde que se deba ter en conta, precisamos que contactedes co Servizo de Prevención de Riscos Laborais ([sprl@uvigo.gal](mailto:sprl@uvigo.gal)) e que sigades as súas instrucións.

## Medidas de actuación xerais

- Medida de autoprotección: non acudas ao centro se tes algún síntoma asociado coa covid-19 (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de gorxa, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado). Esta medida aplicarase ao longo de todo o curso académico.
- Terás que vir coa máscara.
- Disporás de dúas máscaras hixiénicas reutilizables co logotipo da Universidade de Vigo. Poderás recollelas na conserxaría da túa facultade ou túa da escola .
- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais redactou o Protocolo de actuación ante a aparición dun caso sospeitoso de covid-19 na Universidade de Vigo coas indicacións normativas. Deberás ler este documento, xa que se aplicará en todos os centros.  
[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/covid\\_positivo\\_gl.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/covid_positivo_gl.pdf)
- Solicitámoslle a toda a comunidade que instale no móbil as aplicacións Radar-covid do Ministerio de Sanidade e Pass covid da Xunta de Galicia, e que as teña activas todo o tempo. O seu uso obriga a ter activado o Bluetooth, polo que se producirá un gasto maior de batería.
- Se non acodes ao teu centro de traballo por teres algún síntoma, deberás comunicarllo:
  - o Á persoa responsable da covid-19 do teu centro
  - o Ao Servizo Público de Saúde 112
- Se non acodes ao centro de traballo porque estás en corentena por contacto estreito, deberás comunicarllo:
  - o Á persoa responsable da covid-19 do teu centro
  - o Ao director/a do departamento se ten incidencia na materia
  - o Ao estudantado porque se cambia a docencia a en liña
- Se non acodes ao centro de traballo por teres unha PCR positiva, deberás comunicarllo:
  - o Á persoa responsable da covid-19 do teu centro
  - o Ao director/a do departamento se ten incidencia na materia. O departamento deberá cubrir esa materia durante o tempo que esteas de baixa por PCR positivo ou organizar co estudantado algún tipo de cambio ata que poidas recuperar esas clases

## Medidas de actuación no centro

- Nos centros implementáronse unha serie de medidas para que sexan máis seguros, entre outras:
  - o Dispensadores de xeles hidroalcólicos en todas as aulas
  - o Cartel tipo tótem con dispensadores e papeleira con tapa
  - o Anteparos nos lugares de atención ao público
  - o Papeleiras de gran capacidade con tapa accionada por pedal
  - o Sala de illamento da covid-19
  - o Instalación de equipos relativos á ventilación nalgúns centros
- No centro, pode haber unha única porta de entrada. Sigue as indicacións dos carteis fixos e das pantallas de TV normalmente situadas na entrada.
- Terás que vir con máscara, limpar as mans ao entrar e gardar a distancia de seguridade cando pases pola porta e en todo o percorrido polo centro. A este respecto, están marcados no chan as direccións para evitar que te cruces con persoas que veñen no sentido contrario.

- Cando teñas que utilizar os aseos, sigue as instrucións sobre o número de persoas que poden estar ao mesmo tempo (está calculado en función do seu tamaño). Lava as mans con auga e con xabón.
- No caso de que utilices os servizos de cafetería, sé coidadoso. Procura gardar a distancia de seguridade.
- Está prohibido comer nos corredores e nas aulas.

## Medidas de actuación nas aulas presenciais

- Nestes momentos durante a clase utilizarase a máscara. Seguiranse sempre as indicacións das autoridades sanitarias sobre a obrigatoriedade do seu emprego en sitios pechados, así como sobre a distancia interpersonal de seguridade.
- Antes de entrar na clase, cumprirá lavar as mans con auga e con xabón ou con hidroxel.
- Os postos desde onde se poden seguir as clases estarán marcados cun punto verde
- Aulas de docencia maxistral
  - o Están preparadas para cumprir a separación interpersonal.
  - o Como isto supuña baixar moito a capacidade, algúns centros prepararon novos espazos docentes, por exemplo:
    - Os salóns de actos para levar a cabo actividades docentes
    - Ampliación dos espazos docentes
    - Habilitación das salas que estaban previstas para outras actividades
- Aulas de informática (prepararanse unhas 60 aulas con capacidade total para uns 1500 postos, o que consideramos unha cifra moi significativa):
  - o As aulas estarán preparadas para que cada posto estea individualizado con anteparos transparentes
  - o No caso de usar os ordenadores da aula, o alumnado colocará un film plástico enriba do teclado e do rato que, ao rematar, botará nas papeleiras con tapa situadas para tal efecto
- Laboratorios experimentais
  - o Ademais da máscara, o profesorado porá á disposición do alumnado un protector facial. Ambos os dous son de uso obrigatorio durante toda a práctica se o profesorado considera que polos produtos utilizados ou pola materia tratada é necesario
  - o As pantallas faciais de cada laboratorio limparanse e desinfectaranse antes de cada práctica de grupo de estudantes
  - o Cando sexa preciso tocar algún equipamento, cumprirá limpar as mans con auga e con xabón ou con hidroxel antes e despois do contacto
  - o Ao final da práctica, o alumnado deberá deixar o material limpo e desinfectado. Seguiranse as instrucións do profesorado

- Limpeza dos postos
  - Pretendemos que o alumnado estea sentado no mesmo posto ao longo das sesións das clases. Os servizos de limpeza deixarán as aulas, os seminarios e os laboratorios limpos antes das sesións da mañá e da tarde.
  - Se durante cada unha desas sesións algúns e algunhas estudantes teñen que ocupar asentos previamente ocupados por outra persoa, deberán limpar a mesa e a cadeira con papel e con xel hidroalcolico. Un procedemento semellante seguirase na biblioteca.
  - Para unha maior seguridade, todas as aulas disporán dun limpador de superficies con actividade viricida e dun rolo de papel ou similar.
  - Cada docente é responsable de limpar con estes materiais as superficies do seu posto de traballo (mesa, cadeira, borrador etc.), así como os mandos dos equipos audiovisuais utilizados. Esta limpeza realizaraa o profesorado ao principio e ao final de cada clase.
  - Despois de saír dunha actividade docente, recoméndase lavar as mans con auga e con xabón ou con hidroxel. Por suposto, utilizarase a máscara todo o tempo.
- Códigos QR
  - Para o seguimento dos contactos capturarase o código QR situado na mesa e confirmarase a asistencia á dita aula cada vez que se utilice. Entendemos que se actuará coa máxima responsabilidade. Existen dúas posibilidades:
    - Utilizar o DNI e encher o número para quedar rexistrado
    - Empregar a secretaría virtual e cargar os datos
  - Se todo o alumnado captura co móbil (este número non queda rexistrado) o código cando se sente ao inicio da clase, actuarase de xeito máis efectivo no rastrexo dos casos positivos cando se produza algún. O profesorado deberá facer o mesmo (disporá dun código QR na súa mesa) e solicitaralle ao alumnado que o faga.
  - Nalgúns centros este código QR utilizarase como sistema de sinatura de asistencia e substituirá a folia de sinaturas actual en papel dispoñible en todas as aulas docentes.
  - A maiores e de acordo coas directrices do centro, poderase anotar a materia impartida nun campo optativo en branco.
- Aireación/Ventilación
  - Ao final de cada quenda (de mañá ou de tarde) airearanse todos os espazos docentes. Non obstante, é preciso que entre clase e clase se abran as xanelas polo menos 10 minutos. Daquela, recoméndase que as clases empecen a e cinco minutos e que rematen a menos cinco.
- Incidencias/conflictos
  - No caso de que algún alumno/a no teña posta a máscara na aula
    - O profesorado deberá/poderá comentarllo
    - Se a persoa prosegue na súa actitude, o profesorado abandonará a aula e comunicará a posición do alumno/a na dita aula de non poder identificalo.
    - A dirección ou o decanato do centro advertirá o/a estudante para que non se repita esta actitude.
  - Se se reincide en tres ocasións polo mesmo motivo, abriráselle un expediente ao alumno/a e non se lle permitirá examinarse daquelas materias nas que se cometera a infracción por razóns de seguridade sanitaria.
  - Calquera outro conflito deberá poñerse en coñecemento da dirección ou do decanato do centro, que tomará as medidas oportunas.

## Aulas integra

- Permiten compaxinar en modo síncrono a atención ao estudantado presente na aula física e a aquel que, por non existir capacidade suficiente, terá que seguir as clases a distancia.
  - o Conceptualmente, trátase de estender o Campus Remoto, o xemelgo virtual da Universidade de Vigo posto en marcha en marzo cunha copia virtual de cada espazo docente físico de cada centro, e de conectar a aula física coa aula virtual.
  - o Nestes momentos estamos a finalizar as instalacións básicas correspondentes. Estas aulas instaláronse cando os equipos decanais e directivos dos centros as solicitaron e constitúen un esforzo económico importante. En función das preferencias establecidas polos centros hai varias opcións. A versión básica inclúe un sistema de micrófono e de altofalante, un ordenador fixo na aula, un proxector e un uso axeitado do Campus Remoto. Farémosvos chegar as ferramentas para aprender a usar estas aulas integra.
- Nos centros que optaron por montar aulas integra, para favorecer as tarefas docentes poñeremos á disposición do profesorado que imparte docencia neses espazos durante o primeiro cuadrimestre un equipo informático que lle permita escribir no equipo, no canto de no encerado. Isto posibilitará o mellor seguimento das clases por parte do alumnado a distancia. Estamos agardando que as empresas gañadoras sirvan eses equipos. Os centros optaron entre:
  - o Ordenador portátil táctil, ACER spin B3 (modelo gañador do concurso)
  - o Tableta electrónica, XP-pen pro 13" (modelo gañador do concurso)

## Medidas de actuación tras a aparición dun caso diagnosticado de covid-19

- Tras a aparición dun caso diagnosticado de covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.
- Se se diagnostica un alumno/a positivo por PCR deberá comunicarllo tan pronto como sexa posible á persoa responsable covid-19 do centro.
- Se se considera contacto estreito tamén deberá comunicarllo á espera das indicacións do servizo público de saúde.
- A autoridade sanitaria en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o número de persoal e de alumnado afectado e a duración das medidas de corentena. Esta información comunicaráselles á persoa responsable covid-19 do centro e ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais universitario para a súa difusión á comunidade educativa, sen prexuízo da información facilitada pola autoridade sanitaria.
- A Central de Seguimento de Contactos (CSC) da Consellería de Sanidade encargárase da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período sinalado pola Xefatura de Sanidade.
- A autoridade sanitaria e o reitor da Universidade de Vigo, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou de varias aulas, dun grao, dun mestrado ou dun centro educativo na súa totalidade. Existirá a posibilidade de que unha parte dun centro (aula ou grupo de aulas) teña que se illar e de que siga funcionando o resto da forma habitual segundo o número de contactos identificados.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas relativas ao ensino en liña mediante a utilización de Campus Remoto.